

## COMISIÓN ACADÉMICA DO MÁSTER EN INTELIXENCIA ARTIFICIAL

Por orde da Sra. Presidenta, convócase a unha reunión extraordinaria **que terá lugar por medio de correo electrónico (segundo o procedemento que se atopa descrito ao pé da convocatoria)**<sup>i</sup>, co fin de tratar o asunto sinalado na orde do día.

**DÍA E HORA: venres, 3 de maio de 2024, ás 11:00 horas en primeira convocatoria, e ás 11:30 horas en segunda convocatoria.**

### Orde do día:

1. Aprobación, se procede, do POD para o curso 2024/2025.
2. Asuntos trámite.

Ourense, 30 de abril de 2024

A Secretaria da Comisión

Asdo.: M<sup>a</sup> Encarnación González Rufino

### **<sup>i</sup> PROCEDIMENTO PARA A REALIZACIÓN DA COMISIÓN**

#### Instrucións previas:

- a. Utilizaranse como válidas as direccións de correo electrónico coas que os membros da comisión foron convocados pola secretaría da mesma.
- b. Toda a actividade desta reunión desde o momento da apertura da sesión canalizarase a través de correos electrónicos dirixidos a todos os membros da comisión e que levarán como asunto “*Reunión telemática da CAMIA do 3/05/2024*”.
- c. Entenderase que houbo quórum se os votos emitidos igualan ou superan ao número de membros esixido en primeira ou segunda convocatoria. Se se alcanza quórum, informarase formalmente aos membros de tal circunstancia e do resultado da votación; se non se alcanza, informarase igualmente de tal circunstancia aos membros do órgano.
- d. **Todas as mensaxes enviadas durante a sesión pasarán a formar parte da acta da reunión.**

#### Procedemento:

1. A sesión comezará cun correo electrónico dirixido pola Presidente da Comisión, ou persoa en quen delegue, a todos os membros da mesma, ás **11:00 horas do día 3 de maio de 2024**. A partir dese momento quedará aberta a sesión.
2. Os intervinetes, se desexan expresar opinións sobre algún contido da orde do día, disporán **ata as 12:00h** para expresar o que consideren oportuno.
3. **A partir das 12:00h**, cada membro da Comisión emitirá o seu voto con respecto ao primeiro punto da orde do día mediante un correo electrónico. Este correo electrónico considerarase a proba da súa asistencia á reunión da Comisión Académica do Máster en Intelixencia Artificial.
4. Os membros da Comisión disporán **ata as 12:45 horas** para votar. Transcorrida a hora límite de votación quedará automaticamente levantada a sesión.

(Para resolver calquera dúbida sobre a dinámica de funcionamento descrita, os membros da Comisión poden pórse en contacto coa Secretaria da Comisión no enderezo electrónico [secretaria.esei@uvigo.gal](mailto:secretaria.esei@uvigo.gal))